

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Cales son as retribucións complementarias do persoal estatutario do Sergas recollidas no Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) Soldo base, trienios segundo o nivel do posto e pagas extraordinarias.
- B) Complementos de destino, específico, de produtividade, de atención continuada e de carreira.
- C) Complementos de formación permanente, de manutención e sexenios.
- D) Complementos de pensión, de labor docente e de actividade investigadora.

2. Onde indica o Estatuto de Autonomía de Galicia que os poderes públicos garantirán o uso normal e oficial dos 2 idiomas (castelán e galego) e potenciarán o uso do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa?

- A) Título Preliminar.
- B) Título I: Do poder galego.
- C) Título II: Das competencias de Galicia.
- D) Título III: Da Administración Pública Galega.

3. Cal NON é un dos principios rectores do sistema público de saúde de Galicia?

- A) A concepción integral da saúde, que inclúe a promoción, a protección, a prevención e a rehabilitación entre outras.
- B) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- C) A ampliación, cando proceda, do catálogo de prestacións básicas ofrecidas polo Sistema Nacional de Saúde.
- D) A participación e implicación de profesionais no sistema sanitario.

4. O artigo 19 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais establece que, en cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórico e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva:

- A) Só no momento da contratación do traballador para que poida desempeñar as súas funcións con completa seguridade.
- B) Tanto no momento da contratación do traballador como cando se produzan cambios nas funcións, introdúzanse novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.
- C) Só cando se produzan cambios nas funcións, introdúzanse novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.
- D) No momento da contratación do traballador, excepto cando se trate dun contrato a tempo parcial ou por obra ou servizo por estar excluídos.

5. Cal NON é unha das obrigas dos usuarios do sistema sanitario público de acordo co artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade?

- A) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- C) Uso responsable e adecuado da utilización dos servizos e dos procedementos de baixa laboral.
- D) Participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias.

6. Cal NON é unha competencia da Consellería de Sanidade segundo a Lei de Saúde de Galicia?

- A) A proposta sobre incorporación de novas prestacións no Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) A autorización da subscripción de convenios coa Administración Xeral do Estado e con outras comunidades autónomas.
- C) A proposta dos módulos económicos para a prestación de servizos propios e a aprobación dos concertados.
- D) A definición, comunicación e establecemento de obxectivos e garantías de cumprimento dos criterios de xestión incorporados na prestación de servizos sanitarios.

7. A normativa vixente sobre protección de datos persoais establece que o deber de confidencialidade e as súas obrigacións manteranse:

- A) Aínda cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento dos datos persoais.
- B) Ata que se produza o falecemento do obrigado non quedará exento o responsable ou encargado do tratamento dos datos persoais.
- C) Ata que o obrigado sexa maior de idade non quedará exento o responsable ou encargado do tratamento dos datos persoais.
- D) Ata que o responsable ou encargado do tratamento dos datos persoais cambie de destino.

8. Segundo o decreto de provisión de prazas do persoal estatutario do Sergas, a quen vincula a convocatoria e as súas bases?

- A) Á Administración, aos tribunais de selección e aos aspirantes que participen na mesma.
- B) A convocatoria e as súas bases non son vinculantes, simplemente teñen carácter informativo.
- C) Soamente vinculan aos aspirantes seleccionados e aos membros do tribunal que non sexan suplentes.
- D) Unicamente aos aspirantes que aprobaran e ás organizacións sindicais non representadas na mesa sectorial.

9. Cal das seguintes faltas está considerada por si mesma como moi grave dentro do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) O encubrimento, consentimento ou cooperación con calquera acto á comisión de faltas moi graves, así como a indución directa, a outro ou outros, á comisión dunha falta grave.
- B) O descoído ou negligencia no cumprimento das súas funcións cando non afecte aos servizos de saúde, Administración ou usuarios.
- C) O acoso sexual, cando o suxeito activo do acoso cre coa súa conduta unha contorna laboral intimidatoria, hostil ou humillante a outra persoa.
- D) O quebranto da debida reserva respecto aos datos relativos ao centro, á intimidade persoal dos usuarios ou á información sobre o seu proceso ou estancia en centros sanitarios.

10. No artigo 28 da Constitución española recoñécese o dereito dos traballadores a:

- A) Expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións.
- B) A educación e o recoñecemento da liberdade de ensino.
- C) Sindicarse e á folga para defender os seus intereses.
- D) A protección da saúde e o fomento da educación sanitaria.

1. En que parte do Título I da Constitución española ven recollido que todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes?

- A) Capítulo Primeiro: Dos españois e os estranxeiros.
- B) Capítulo Segundo: Sección 1ª Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.
- C) Capítulo Segundo: Sección 2ª Dos dereitos e deberes dos cidadáns.
- D) Capítulo Terceiro: Dos principios rectores da política social e económica.

2. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a quen engloba o persoal de xestión e servizos?

- A) Diplomados universitarios en Ciencias da Saúde, técnicos superiores sanitarios e outro persoal con Educación Secundaria Obrigatoria.
- B) Licenciados e diplomados universitarios sanitarios e persoal de formación profesional sanitaria.
- C) Persoal de formación universitaria, persoal de formación profesional e outro persoal: non sanitarios.
- D) Persoal licenciado e diplomado sanitario e outras categorías sanitarias con estudos equivalentes.